

# **DICIONARIO DE FRASEOLOXÍA GALEGA**

**Carme López Taboada  
M<sup>a</sup> Rosario Soto Arias**



# Indicacións para a consulta do dicionario

Para unha maior comprensión do que a continuación se indica, dividiremos a información para cada entrada en catro campos: a clave, a frase, o significado e o texto.

Así por exemplo, na entrada seguinte:

## **CARBALLO**

[Estar/ser u.p.] **(forte) coma un carballo**

(Estar ou ser) moi forte, (gozar de) boa saúde: *Un labrego forte coma un carballo* (TB). *Xibrán era forte coma un carballo e san coma unha mazá* (OG).

A clave é: **CARBALLO**. A frase é: [Estar/ser u.p.] **(forte) coma un carballo**. O significado é: (Estar ou ser) moi forte, (gozar de) boa saúde. Os textos (neste caso hai máis dun texto) son: *Un labrego forte coma un carballo* (TB). *Xibrán era forte coma un carballo e san coma unha mazá* (OG).

## **OBSERVACIÓNS SOBRE A CLAVE**

Por definición, a clave é a palabra de maior peso semántico do núcleo da frase. Con frecuencia, a palabra clave é o substantivo primeiro en aparecer na orde de lectura. Se non hai substantivos, sería o verbo, o adxectivo, ou o adverbio. Os pronomes poden equivaler a substantivos, por ex. en **Vir con estas**.

Se houbese dous verbos na frase, sendo un constante e outro variable, predominaría o constante para a clave. Por exemplo, na frase:

**Saber** [u.p.] **onde lle doe/proe** [a alguén],

a clave é **Saber**.

Este mesmo criterio pode rexer noutros casos en que a palabra constante é un verbo e a palabra variable é un substantivo. Por exemplo,

**Nadar** [u.p.] **en fartura**

**Nadar na abundancia**

Aquí a clave é o verbo **Nadar**.

## **OBSERVACIÓNS SOBRE A FRASE**

Na frase adoitamos diferenciar entre núcleo e contorna. Os corchetes sinalan a contorna da unidade fraseolóxica. Introducen normalmente un verbo de frecuente aparición nesa frase, pero non de aparición única ou exclusiva: no caso que usamos arriba de exemplo, no canto de **Ser** podería aparecer **Atopar**.

Ás veces os corchetes seleccionan dous ou tres verbos de uso normal con esa frase. Por exemplo:

[Entrar/ír u.p.] **a saco**

Ou:

[Estar/poñerse u.p.] **a salvo**

Pero, como dicimos, non son os únicos verbos que poden introducir esas frases (son posibles outros como *penetrar, chegar, caer; permanecer, manterse, quedar...*).

As parénteses indican presenza ou ausencia dos elementos que encerran: implican sempre, xa que logo, un mínimo de dúas variantes de lectura.

As barras verticais son excluíntes: dadas dúas palabras separadas polas barras, hai que entender dúas ou máis variantes sinonímicas de lectura: ou unha ou outra.

Así, no ex. anterior,

**Saber [u.p.] onde lle doe/proe [a alguén],**

hai que entender que o falante diría *Sei onde lle doe*, ou *Sei onde lle proe*.

No exemplo seguinte:

[Ser u.p.] (**áspera/brusca**) **coma un toxo**,

as variantes de lectura que se deducen, en principio e sen ter en conta posibles coordinacións, son tres:

*É coma un toxo.*

*É áspera coma un toxo.*

*É brusca coma un toxo.*

Cando xulgamos que as barras verticais dificultan a lectura, optamos por reescribir ao completo as frases nesa entrada, en cadansúa liña.

O uso das maiúsculas nesta alínea aparece reservado para formular casiñas baleiras, casiñas que logo, en cada acto concreto de fala, se irán reenchendo con algunha das diferentes variantes.

Así por exemplo, na frase

**De/desde (hai) + CANTIDADE DE TEMPO a esta parte,**

a casiña representada polas maiúsculas adquire en cada realización concreta diversos valores: *un mes, unha semana, un tempo, uns meses* etc.

Noutros casos as maiúsculas enuncian cadros só con clases de palabras, como ocorre na seguinte frase:

**Que + SUBST. + nin que farrapos de gaitas.**

A presenza do asterisco nalgunhas frases indica que se trata dun castelanismo (ou cando menos dunha expresión sospeitosa de selo) ou doutras formas espurias. Sempre que é posible, establecemos a remisión para unha frase de noso.

A frase leva case sempre marca de suxeito e de complemento. O suxeito vai indicado polas abreviaturas *u.p.* ou *u.c.*, segundo se trate de persoa ou cousa. De forma excepcional pode aparecer *u.a.*, *d.p.*, *v.p.* Os complementos van indicados cos indefinidos *algo* e *alguén*, así como polos pronomes persoais *lle, che; lo, la, los, las*, basicamente.

Para non condicionar demasiado a lectura unitaria da frase, estas marcas adoitan ir ao final.

Cando nunha mesma entrada, agrupamos varias frases en cadansúa liña, se as marcas de suxeito e complemento son comúns a todas elas, as marcas só aparecen na primeira, sendo necesario sobreentendelas nas seguintes. Así, na agrupación:

**Poñer os cinco sentidos [u.p. en algo]**

**Poñer sentido,**

en **Poñer sentido** hai que sobreentender como suxeito *u.p.* e como complemento *en algo*.

Pero sempre a información entrecorchetada que se sobreentende é a da frase superior: se nalgún caso houbese tres ou catro frases en grupo e a frase en último ou penúltimo lugar esixise unha marca de suxeito ou de complemento distinta, especificaríase e a partir de aí, esa especificación rexería para as seguintes.

Este é o caso, por ex., do seguinte grupo:

[Estar] á **man** [u.c.]

[Ter] á **man** [u.p. algo]

**De man**

Para a terceira frase debemos sobreentender, sen que a maiúscula inicial interfira na lectura, o mesmo verbo como verbo de contorna máis frecuente, *ter*, e as mesmas marcas de suxeito e complemento, *u.p. algo*, que figuran na frase inmediatamente superior.

En casos contados, figuran puntos suspensivos entre elementos correlativos ou tras un par de opcións de lectura entre barras. Por exemplo:

*Por unha parte..., por outra.*

*O/vos...*

No primeiro exemplo, os puntos suspensivos substitúen o contexto, o discurso que se debe reencher en cada acto de fala concreto; no segundo, significan outras variantes pronominais que se deben sobreentender igualmente en cada uso concreto.

Nas frases comparativas consideramos que o núcleo o forma o tradicionalmente chamado segundo membro da oración comparativa: a clave delas estará polo tanto aí, na segunda parte.

A maior porcentaxe de comparativas presentan un adxectivo na primeira parte: normalmente vai entre parénteses porque, aínda que de altísimo grao de fixación, pode ser prescindible. Por exemplo, lendo

[Ser u.p.] (**aguda/lista/viva**) **coma un allo**,

dedúcese que o falante pode dicir *É coma un allo*.

Soamente en casos contados xulgamos que o adxectivo é imprescindibile e daquela omitimos as parénteses. Este é o caso de:

[Ser u.c.] **tan clara/certa coma a luz do día**.

Evidentemente, a nivel literario poden existir outras variantes (*Haino tan fixo coma a luz do día*), pero non as podemos considerar todas, serían inabarcables e tampouco non contan necesariamente co requisito da fixación popular.

Un bo número de frases comparativas presentan só un verbo na primeira parte e non hai adxectivo ningún antes do núcleo propiamente dito: neses casos entrecorchetamos o verbo cando percibimos unha doada conmutación por outros verbos distintos e suprimimos os corchetes canto detectamos unha forte rección entre o elemento verbal e a frase comparativa propiamente dita. Así, podemos citar casos como os seguintes:

[Servir u.p. a alguén] **coma un can**,

onde *servir* conmuta por *seguir*, *andarlle detrás* etc., fronte a exemplos como:

**Durmir coma un leirón**

**Tremer coma unha vara verde**

A nosa escolla nestes casos deixa fóra variantes sinonímicas ou literarias.

Nas frases comparativas, aparece indistintamente *coma* ou *como*. En principio damos preferencia á conxunción comparativa *coma*. Pero optamos por *como* cando a documentación só nos fornece esa variante.

Nas comparativas en que é posible a coexistencia dunha forma en singular e outra en plural, a frase aparece normalmente enunciada en singular; agora ben, téñase en conta que ás veces o plural correspondente é especial en canto que prescinde do determinante que si está no singular: por ex. ao singular *coma un lobo* correspóndelle o plural *coma lobos*.

Por último, cómpre ter presente que nos rexemos polo principio de economía lingüística segundo o cal o masculino é o termo non marcado na oposición masculino versus feminino. De aí que a clave apareza xeralmente en masculino, aínda que en numerosas ocasións os elementos da frase con indicación de suxeito, *u.p./u.c.*, concorden en feminino con *persoa/cousa*: así, baixo a clave **MORTO**, encontramos a frase [*Chegar/estar u.p.*] **máis morta que viva**.

## OBSERVACIÓNS SOBRE O SIGNIFICADO

Nos máis dos casos a definición procura adaptarse ao chamado núcleo da frase, pero para favorecer a claridade conceptual do todo, hai ocasións en que a definición inclúe tamén o contexto da frase.

Nese sentido, as parénteses que aparecen na definición da frase, refírense á contorna da unidade fraseolóxica.

As parénteses neste campo tamén facilitan as marcas de rexistro lingüístico. En principio, a ausencia desa marca significa un rexistro neutro. Indicamos só o rexistro vulgar e o marcadamente coloquial. Cando a frase é inusual, ou pouco frecuente no plano sincrónico, vai marcada con (Raro).

Os corchetes aparecen neste campo sempre que resulta difícil ou imposible achar directamente acepcións sinonímicas ou acepcións literais. Normalmente dentro dos corchetes aparece a información introducida por fórmulas do tipo *Dise de*, *Dise cando*, *Expresión que*, *Úsase para*, *Xeralmente referido a* etc.

Tamén vai entre corchetes información metalingüística, aludindo ao tipo de modalidade, negativa ou interrogativa, propio da frase en cuestión, ou aludindo ao modo verbal en que normalmente se constrúe a frase. Outro tipo de información metalingüística que se facilita entre corchetes nesta liña, é aquela que distingue acepcións dependendo da clase de palabras á que acompaña a frase. Por ex. a frase *De máis* varía de significado segundo complemento a un adxectivo ou a un substantivo. Por iso na alínea correspondente, lemos: [*Precedido de adx.*] *Moito, demasiado, en exceso*; [*precedido de subst.*] *máis, a maiores*.

Entre corchetes pode ir, así mesmo, información sobre o referente extralingüístico, por ex.: para a frase **Ser o perello**, no campo do significado lemos [*Xeralmente referido aos rapaces*].

O uso do punto e coma resérvase neste campo para separar distintas acepcións de significado.

Nesta alínea, as maiúsculas só se usan nas remisións. Cando remitimos, a través

da abreviatura *Vid.*, para outra frase, as maiúsculas serven para identificar a clave da frase á cal remitimos.

### **OBSERVACIÓNS SOBRE O TEXTO**

Os textos extraídos de libros, normalmente obras literarias en prosa, levan ao final entre parénteses unha, dúas ou tres letras: trátase da referencia bibliográfica, cuxa decodificación remite á listaxe de *Referencias bibliográficas*.

Os textos de carácter xornalístico, tirados da prensa diaria ou semanal, ou de revistas mensuais, levan entre parénteses a etiqueta *Prensa*.

Algúns textos, poucos, van acompañados do topónimo entre parénteses de onde procede o falante e/ou a frase.

As barras verticais só aparecen nesta alínea cando o texto é en verso, e indican a separación entre os versos.

En moi poucas ocasións facemos uso dos corchetes neste campo: con eles introducimos unha reposición que contribúe á mellor comprensión do texto. Por exemplo: *Danse de seu [os caciques]...*

A lingua dos textos literarios sufriu en certo grao un proceso de acomodación ás normas académicas vixentes: normativizamos con certa sistematicidade castelanismos e vulgarismos; igualmente acomodamos a acentuación e a ortografía ás devanditas normas.

### **OBSERVACIÓNS SOBRE AS CORRESPONDENCIAS GALEGO-CASTELÁN**

Como xa indicamos no epígrafe que as precede, son correspondencias posibles. Son algunhas das que poden ser, aínda que non están todas as que son. Non sempre é factible achegar parellas de sinónimos totais: unimos, así pois, sinónimos parciais. En ocasións, entre varias posibilidades, escollemos unha e só unha: por ex., para o galego *¡Era boa!* caben varias lecturas ou traducións no dominio do castelán: nós simplemente optamos por unha.

Salvo erro ou omisión, todas as frases que aparecen na columna correspondente ao galego, forman parte deste dicionario.

# Mostra práctica da información que ofrece o dicionario

**ABEIRO**  
**ABELURIO**  
**ABOFÉ**  
**ABRENTE**  
**ABRIGO**  
**ABRÓTEGA**

## **ALTO**

### **Altos e baixos**

Vid. **ALTAS** e **baixas**: *Unha relación persistente, chea de altos e baixos, de fuxidas e reencontros, de mentiras e entrega verdadeira* (Prensa).

### **Facer un alto** [u.p.]

Deterse ou pararse: *Fixeramos un alto para comer* (D).

### **Pasarlle por alto** [u.c. a alguén]

Pasar desapercibida, non reparar; esquecer: *A ninguén lle pasou por alto e a Dinís moito menos* (R).

### **Ao romper a alba**

#### **Ao romper da alba**

Ao amencer: *Ao romper da alba, logo que se oíron no poleiro bater as ás dous galos* (NO).

### **Estar** [u.p.] **á altura de** [algo/alguén]

#### **Estar/poñerse á altura das circunstancias**

Actuar de xeito adecuado ao contexto; estar nun determinado nivel de valía ou de capacidade, de tal forma que non desmereza: *Sentíase nerviosa: na clase non estaba á altura de antes* (MC)

### **[Andar/ir u.p.] de acá para alá**

#### **Para acá (e) para alá**

(Andar) dun lugar para outro, sen parar: *Andaba de acá para alá con unhas e con outras* (OG).

O dicionario organízase a partir de palabras clave ordenadas alfabeticamente e marcadas en negriña maiúscula. Estas palabras clave correspóndense cun elemento da frase que procura respectar a seguinte orde: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio. De non conter ningunha destas categorías, considérase palabra clave a primeira da frase.

A frase ou frases agrúpanse debaixo da clave correspondente, por orde alfabética e marcadas en negriña minúscula.

Se unha locución presenta dúas ou máis variantes formais estas figuran, en xeral, por orde alfabética debaixo de cada entrada.

En cada frase figuran entre corchetes os elementos da contorna: os verbos máis frecuentes pero que non están fixados ou que mesmo poden non aparecer, así como as indicacións de suxeito, [u.p./u.c.], e de complemento, [algo/alguén]. De ser comúns a todas as variantes, estas indicacións figuran só na primeira locución.

As barras indican variación sinonímica e as parénteses encerran elementos opcionais dentro da frase.

**SUBST. + abaixo + SUBST. + arriba**

[Expresa insistencia ou repetición do indicado polo substantivo]: *O comprador, ao que tal oíu, íase sen facerlle apenas caso; pero el mentira abaixo, mentira arriba, pondera que te pondera os bois* (NO).

**A maior abundamento\***

Vid. Por máis ABASTAMENTO; Por maior ABASTANZA: *Non sei se levaba camisa, porque é moito luxo para un mestre, e, a maior abundamento, que morrera nun hospital* (ONG).

**Á altura de****Na altura de**

[Referido a un lugar] Nas inmediacións ou nun punto paralelo; [referido ao tempo] aproximadamente no tempo que se indica: *Os tres ían pescar luras pola noite á altura do castelo de Santo Antón* (LI). *Debía estar á altura do cabo Ortegal, fronte a Galicia* (GG). *Cando te abaixaches xusto á altura do seu portal, o 11, a facer un nó* (TV). *Na altura do outono, as eleccións de Galicia* (...) (Prensa). *Á altura de xaneiro de 1961* (...) (R).

**A estas alturas**

[Referido a algo situado no espazo ou no tempo] Chegados a este punto; despois do que pasou: *A estas alturas xa non hai cousa que me poida meter medo* (OI). *¿Quen o pode asegurar a estas alturas?* (TV).

**[Saír u.p.] coma un alustro**

Correndo, a toda velocidade; vid. Coma un LÓSTREGO: *Pero ó soar o último timbre saíron coma un alustro, ansiosos por chegar á casa* (D).

**[Estar u.c.] coma unha alba**

Moi branca: *Os manteis de liño quedáronlle coma albas, sen ningunha mancha* (cp).

En ocasións, unha frase enúnciase con cañas baleiras; nestes casos o compoñente libre figura en maiúscula e vincúlase ao modelo co signo +.

As locucións marcadas con asterisco considéranse alleas ao sistema e remiten, cando é posible, para unha forma de noso.

As acepcións van separadas por punto e coma e os elementos referidos ao contexto de uso figuran entre corchetes. Engádense á definición algunhas particularidades de uso que se consideran necesarias para unha correcta reprodución do significado.

As letras maiúsculas entre parénteses remiten para unha referencia bibliográfica.

Cando dúas locucións son sinónimas pero teñen clave distinta, a remisión indícase mediante a abreviatura Vid., e a clave impresa en maiúsculas.

Cando a documentación non é de autor nin da prensa escrita indícase con (cp).



# A

## A

### A de + SUBST. + que

[Expresión que pondera a cantidade ou o número do que se expresa]: *A de paus que se armaría na nosa terra* (G).

¿A que non?

¿A que si?

¿Non é verdade (que si)? ¿Non si?: *Ti non es galego, a que non?* (H).

## Á

### Cortarle as ás [u.p. a alguén]

Privalo de liberdade de acción ou dos medios para exercela: *Ollou sen poder defenderse, como lle cortaban as súas aliñas, como mataban sen piedade as súas douradas ilusións* (BA). *Non deixou de comprender o pai o mal que fixera, cegado polo seu amor, ao lle dar a seu fillo demasiados voos, mais xa non era tempo de lle poder cortar as ás* (ON). *Porque precisamente pertencemos a unha das moitas xeracións ás que lles foron cortadas sistematicamente as ás* (Prensa).

### Dar ás á imaxinación [u.p.]

Deixala voar libremente; inspirarse: *Cerrou os ollos para dar ás á imaxinación* (cp).

## A PRIORI

### A priori

*lat.* Con anterioridade; en principio; sen base real: *¿Que pensa dos filtros a priori, por defecto, a nivel dos proxis?* (Prensa). *Así, a*

*priori, semella non ter maior gravidade* (cp). *Eses son xuízos a priori* (cp).

## ABADA

### Ter abadas [u.p.]

Ter achaques: *O neno está moi medrado, pero tenlle moitas abadas* (Muros).

## ABADE

### [Bever/comer/vivir u.p.] **coma un abade**

Ben e abundantemente; estupendamente, de marabilla; vid. Coma un FRADE: *Comemos coma abades* (E). *Farruco bebeu coma un abade* (NO). *Dorme de noite como un abade* (XL).

### [Estar u.p.] **como abade en voda rica**

(Estar) ben comida, satisfeita, alegre: *Isto ía dicindo para contra min, satisfeito como abade en voda rica* (G).

## ABAIXADAS

### [Dicir u.p. algo] **ás abaixadas**

En voz moi baixa; vid. Polo BAIXO: *E Chinto dixo ás abaixadas, como non querendo romper o feito* (TA).

## ABAIXO

### De abaixo a arriba

Dun extremo a outro, por completo; vid. De ARRIBA a abaixo: *Volveron revisar todo o edi-*

**ABRENTE****O abreinte do día**

Vid. O AMENCER: *Saiamos da casa ben cediño, ben cediño, ó abreinte do día* (LC). *Unha noite enteira –dende a postura do sol ata o abreinte do día* (CMA).

**ABRIGO****Ao abrigo de**

Baixo a protección de: *Determinamos de pór-nos algo máis de lonxe, ao abrigo da illa terceira* (SV).

**De abrigo**

[Referido a c.] *Moi boa, moi importante; [referido a p.] moi perigosa, que non é de fiar: Non lle valeron as influencias. E mira que as houbo de abrigo* (FA). *Coidado con ese individuo, é un tipo de abrigo* (cp).

**ABRÓTEGA****[Estar/quedar u.p.] coma unha abrótega**

(Estar) moi farta: *Comín tanto e de todo que estou coma unha abrótega* (cp).

**ABSOLUTO****En absoluto**

De ningunha maneira; totalmente: *Eu non o lembro así, en absoluto* (TV). *¿E todo iso, sen que eu recordase nada, nada en absoluto?* (D). *Non creo en absoluto que teñas unha desas miradas de persoa impasible* (BL).

**ABUNDAMENTO****A maior abundamento\***

Vid. Por máis ABASTAMENTO; Por maior ABASTANZA: *Non sei se levaba camisa, porque é moito luxo para un mestre, e, a maior abundamento, que morrera nun hospital* (ONG).

**ACÁ****[Andar/ir u.p.] de acá para alá para acá (e) para alá**

(Andar) dun lugar para outro, sen parar: *Andaba de acá para alá con unhas e con outras* (OG).

**ACABACIÓN****Ser unha acabación [u.p./u.c.]**

Ser un desastre: *¡Por Deus! ¡Esta casa é unha acabación!* (cp). *Este rapaz éche unha acabación, xa rompeu os tenis novos* (cp).

**ACABADO****Estar/ir acabada [u.p.]**

Ter unha idade moi avanzada e notárselle os efectos da vellez: *E por estaren acabadiños xurando e perxurando que nin ánimos teñen para falalas* (G).

**ACABAR****¡Acabaramos (de parir)!**

[Úsase cando se acaba aclarando algo que non se comprendía totalmente]: *–¡Acabaramos de parir! ¡Esa xa é fariña doutro muíño!* (NO).

**Acabouse o que se daba**

[Úsase para dar por concluído ou rematado algo]: *Todo isto é o que nos toca a cada un, así que, acabouse o que se daba* (cp). *Vou durmir, non leo máis por hoxe, acabouse o que se daba* (cp).

**E acabouse**

[Expresión para concluir de forma tallante] E non lle hai nada que facer; e non hai máis que dicir; vid. E acabouse o CONTO: *Ten a lingua así, non fai máis que falalo todo e a ela non lle vai e acabouse* (cp). *Como moito, pódese cortar unha frase de máis, un insulto que sobra, un taco fóra de sitio. ¡Sas! Mándaslle un taghaso e acabouse* (BL).

**Ser cousa de nunca acabar**

Ser interminable, que non ten cabo: *Porque senón sería cousa de nunca acabar, do mesmo xeito que sucede co conto da boa pipa* (NO). *Que tanto falaricar no púlpito dos pecados, que apoupaba nos alleos e non certa-ba ver nos seus; e, por iste estilo, era cousa de nunca acabar* (OG).

**Ser o acabouse**

Ser o máximo, o límite ou o fin dunha situación: *Recordóuselles a honra, pola que había que loitar, e aquilo foi o acabouse* (ONG).